



## 1. A situación lingüística na Mariña

En comparación con outras comarcas, a situación sociolingüística do galego na Mariña é bastante favorábel, moi especialmente se centramos a observación nos usos espontáneos do idioma.

Para realizarmos a descrición e interpretación dos niveis de competencia e frecuencias de uso, tomaremos datos do *Censo de poboación e vivendas de 2001* [INE: 2004] e da *Enquisa de condicións de vida das familias* [IGE: 2010], esta con resultados de sondaxes realizadas en 2008.

### 1.1 Enquisa de condicións de vida das familias: niveis de coñecemento e frecuencias de uso do galego na Mariña

Aínda que foi publicada en 2010, a *Enquisa de condicións de vida das familias*, realizada polo Instituto Galego de Estatística, recolle información sobre niveis de coñecemento e frecuencias de uso do galego á altura do ano 2008. Os resultados están estruturados nunha serie de áreas en que se dividiu Galiza enteira e tamén se ofrecen pormenorizados no referente ás grandes cidades. No noso caso só teñen validez científica se están referidos ao conxunto da comarca da Mariña, mais non para cidades ou vilas concretas.

#### 1.1.1 Niveis de coñecemento do galego na Mariña

Facendo unha análise por competencias, observamos que os resultados da comprensión oral son realmente moi elevados: entre os que consideran que o entenden “moito” (71’99%) e os que din entendelo “bastante” (24’58%) chégase a un 96’57% da poboación. De todos os xeitos, chama a atención a elevada porcentaxe das persoas que din entendelo “pouco ou nada”: o 3’43% da Mariña é superior ao 2’72% da área de Santiago, ao 2’19% da Barbanza-Noia e incluso ao 2’35% dun Lugo sur que noutros itens obtén índices bastante peores.

#### Persoas segundo o grao de entendemento do galego falado. Ano 2008

	Porcentaxe			Total
	Moito	Bastante	Pouco ou nada	
A Mariña	71,99%	24,58%	3,43%	100,00%

Fonte: IGE (Enquisa de condicións de vida das familias. 2008)

Pola súa parte, a competencia activa na expresión oral alcanza o 62’26% mentres que carece dela un 5’51%, o que nos indica que na Mariña sabe falar en galego moi fluidamente a maior parte da poboación. Só unha persoa de cada vinte o sabe falar pouco ou non o sabe falar nada.

#### Persoas que saben falar en galego. Ano 2008

	Porcentaxe			Total
	Moito	Bastante	Pouco ou nada	
A Mariña	62,26%	32,23%	5,51%	100,00%

Fonte: IGE (Enquisa de condicións de vida das familias. 2008)

Consideramos tamén moi significativa a competencia pasiva na escrita. Neste sentido, os resultados para a Mariña, sendo comparativamente bos en contraste co das outras áreas obxecto de investigación neste mesmo censo, xa se sitúan en cotas bastante máis baixas que as correspondentes á expresión oral. Contodo, case a metade da poboación (48'27%) considera que o seu grao de entendemento do galego escrito é moi elevado e esta porcentaxe aínda se complementa cun 38'18% a quen lle parece que o entende bastante. Pola súa parte, un 13'54% asegura que o entende pouco ou nada; son as persoas de maior idade, que careceron de calquera formación en galego, e tamén moitas das chegadas doutras comunidades españolas e doutros países.

### Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito. Ano 2008

	Porcentaxe			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada	Total
A Mariña	48,27%	38,18%	13,54%	100,00%

Fonte: IGE (Enquisa de condicións de vida das familias. 2008)

Así como case a metade da poboación da Mariña se sitúa nun grao de competencia elevado no referente á comprensión do galego escrito, os resultados redúcense drasticamente a algo menos dunha cuarta parte cando nos referimos a saber escribir en galego. Reparemos, aliás, en que algo máis do 40% da poboación di que sabe escribir “pouco” (o que significa que entende que escribe con moitas deficiencias) ou simplemente non sabe escribir nada (22'95%) en galego. Os resultados son frouxos, moi especialmente se temos en conta que a investigación está feita case trinta anos despois de se ensinar universalmente no sistema escolar a lingua e a literatura galegas; e que estamos comentando os resultados dunha área xeográfica, a da Mariña, que conta con porcentaxes moi altas de expresión habitual e fluída en galego oral.

### Persoas que saben escribir en galego. Ano 2008

	Porcentaxe				
	Moito	Bastante	Pouco	Nada	Total
A Mariña	24,95%	34,63%	17,46%	22,95%	100,00

Fonte: IGE (Enquisa de condicións de vida das familias. 2008)

## 1.1.2 Frecuencias de uso do galego na Mariña

### a) o uso oral

Case a metade dos habitantes desta comarca exprésanse sempre en galego (45'94%); outras catro de cada dez (36'78%) din falar máis galego que castelán; e un 17% vive máis na órbita do castelán. Concretamente un 7'81% exprésase máis en castelán que en galego e un 9'47% en castelán sempre. A comparación entre os extremos non deixa lugar a dúbidas: case cinco de cada dez usan o galego sempre, en cambio o uso sistemático do castelán non chega a unha persoa de cada dez.

### Persoas segundo a lingua en que falan habitualmente. Ano 2008

	Porcentaxe				Total
	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre	
A Mariña	45,94%	36,78%	7,81%	9,47%	100,00

Fonte: IGE (Enquisa de condicións de vida das familias. 2008)

A mesma fonte sociolóxica móstranos que a Mariña comparte este privilexio de conservar moi altas porcentaxes de uso espontáneo do galego xunto coas comarcas da Costa da Morte e a Suroriental na demarcación provincial da Coruña, coa nororiental da de Pontevedra, coas do sur e o Ribeiro na de Ourense e coa oriental de Lugo.

#### b) o uso escrito

Se comparamos o grao de competencia para escribir en galego coa análise do uso na expresión escrita, as diversas porcentaxes móstrannos certas desemeallanzas. No conxunto da Mariña din escribir habitualmente en galego case tres persoas de cada dez (un 27'45% da poboación). Significa isto que o fan poucas máis das que consideran que saben escribir moi ben. Só as persoas con competencia superior á normal se deciden a escribir habitualmente en galego, xustamente aquelas que o poden facer con solvencia en calquera das dúas linguas oficiais. Nos casos de dúbida (competencia nos graos de “bastante” ou “pouco”) acaban por escribir en castelán, con mellor ou peor calidade no resultado final.

### Persoas segundo a lingua en que escriben habitualmente. Ano 2008

	Porcentaxe		
	Galego	Castelán	Total
A Mariña	27,45%	72,55%	100,00

Fonte: IGE (Enquisa de condicións de vida das familias. 2008)

#### c) Frecuencias de uso segundo a lingua inicial

Atendendo ao criterio da lingua inicial, observamos que na Mariña un 67'68% da poboación recibiu da familia a primeira aprendizaxe lingüística en galego e que un 15'55% recibiu en castelán, unha cifra moi próxima á dos que afirman que aprenderon a falar nas dúas linguas (16'77%). Aínda tendo en conta a importancia na comarca da Mariña dos matrimonios formados por unha persoa galega e outra de orixe foránea, notamos que as cifras de aprendizaxe en castelán ou nas dúas linguas (32%) demostran a ruptura da transmisión familiar do galego na educación de nenos e nenas.

### Persoas segundo a lingua en que aprenderon a falar. Ano 2008

	Porcentaxe			
	Galego	Castelán	As dúas	Total
A Mariña	67,68%	15,55%	16,77%	100,00

Fonte: IGE (Enquisa de condicións de vida das familias. 2008)

Esta mesma tendencia de substitución lingüísticaponse de manifesto na observación do mesmo proceso, mais centrado agora na figura dos proxenitores. Estes faláronlles aos fillos

sempre ou mais en galego que en castelán a un 82'88% das persoas a quen se lles realizou a sondaxe; nun 17'12% fixérono máis en castelán que en galego ou sempre en castelán. Evidentemente, aínda que a mostra non o cuantifique por localidades específicas, nótase unha grande influencia dos focos castelanizadores da periferia e do casco urbano de Viveiro, de San Cibrao e de Ribadeo sobre o conxunto das porcentaxes comarcais.

### Persoas segundo a lingua en que lles falaban os seus pais cando eran nenos. Ano 2008

	Porcentaxe		Total
	En galego sempre ou máis galego ca castelán	En castelán sempre ou máis castelán ca galego	
A Mariña	82,88%	17,12%	100,00

Fonte: IGE (Enquisa de condicións de vida das familias. 2008)

A observación dos datos obtidos no estudo dos fogares mostra uns datos preocupantes, porque veñen consolidar algúns indicadores negativos xa comentados anteriormente. Segundo esta mesma sondaxe, na Mariña a porcentaxe de fogares en que todos os seus membros de cinco ou máis anos falan habitualmente só galego redúcese ao 34'93%. Significa isto que só nun terzo dos fogares da comarca se fala homoxeneamente en galego. Este dato confirma a ruptura da transmisión interxeneracional aludida nos comentarios á lingua inicial, ben do punto de vista dos aprendices ou ben dos transmisores.

En consonancia cos indicadores xerais, e en relación coas outras áreas, estes resultados sitúanse nun nivel intermedio entre a desgaleguización das cidades e a súa periferia (Coruña: 9'43%; Ferrol-Eume-Ortega: 11'70%; Pontevedra: 9'82%; Vigo: 5'99%; O Morrazo: 10'87) e a conservación do ambiente galego na Costa da Morte (52'07%) e nas comarcas do interior das tres provincias (Coruña suroriental: 47'73%; Lugo oriental: 41'63%; Ourense sur (50'18%); Pontevedra nororiental: 42'15%).

### Fogares en que todos os seus membros de cinco ou máis anos falan habitualmente só galego. Ano 2008

	Incidencia
A Mariña	34,93%
Galicia	21,78%

Fonte: IGE (Enquisa de condicións de vida das familias. 2008)

Os resultados do número de fogares en que ningún dos seus membros de cinco ou máis anos fala habitualmente só galego tampouco é alentador. Globalmente na Mariña a porcentaxe é incluso case catro puntos superior á comentada anteriormente –os fogares de fala homoxénea en galego dato que se sitúa no 38'10%. En máis dun terzo dos fogares da comarca non hai ningunha persoa que fale habitualmente en galego.

De novo os resultados sitúan a Mariña nun nivel intermedio entre a desgaleguización das cidades e a súa periferia –ás que se une a comarca do Morrazo, baixo a influencia de Vigo- e a conservación do ambiente galego no resto do país.

### Fogares en que ningún dos seus membros de cinco ou máis anos fala habitualmente só galego. Ano 2008

	Incidencia
A Mariña	38,10%
Galicia	51,79%

Fonte: IGE (Enquisa de condicións de vida das familias. 2008)

## 1.2 A heteroxeneidade da Mariña: do Vicedo a Ribadeo e do Mar Cantábrico aos altos da Gañidoira e a Xesta.

Antes de pasarmos a informar da situación concreta de Foz, é necesario referirse á relación desta localidade coas outras máis próximas e incluso ao conxunto da comarca na rasa costeira do Vicedo a Ribadeo ou na liña vertical que une as terras baixas do mar coas altitudes da Serra do Xistral.

Acabamos de realizar unha brevísima exposición sobre a competencia e os usos lingüísticos na Mariña, a comunidade territorial en que está emprazada Foz. Mais, como xa indicamos, a Mariña esténdese ao longo de case 1.400 Km<sup>2</sup> de superficie e estes están repartidos nun conxunto de quince termos municipais con enormes diferenzas demográficas e socio-laborais internas. É por iso que nesta nosa análise, atendendo ao criterio do número de habitantes, relacionaremos a situación de Foz, coa que presentan Burela, Ribadeo e Viveiro, dado que estas son as catro localidades que reúnen as maiores concentracións urbanas da comarca. A Pontenova, Vila Nova de Lourenzá, Barreiros, Mondoñedo, San Cibrao (en Cervo), Ferreira do Valadouro e o Vicedo son núcleos intermedios e Trabada, Alfoz e Ouro teñen unha poboación diseminada practicamente sen concentracións urbanas.

### DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN NO CONCELLO DE FOZ (2001)

Concello	Parroquias	Padrón 2001	Padrón 2009	Densidade poboación	Núcleo(s) urbano(s)	Habitantes urbanos
Foz	9	9.659	9.970	99'41 hab/km <sup>2</sup>	Foz	6.000

Fonte: INE (Padróns municipais de 2001 e 2009)

Alén das apreciacións xerais, tamén consideramos pertinente unha cuestión referente ao tipo de habitat existente neste concello. As 9.970 persoas residentes en Foz distribúense en 9 parroquias, sendo as máis poboadas – alén da de Santiago de Foz- as de Fazouro, Nois e Cangas. Esta última pertence administrativamente ao concello de Foz, mais nos últimos anos converteuse no semi-rural residencial da poboación de Burela con poder adquisitivo medio-alto.

Referencias comarcais da poboación en vivendas familiares de 5 e máis anos segundo a idade e o coñecemento do galego					
	Entenden	Falan	Len	Escriben	Total
Burela	98'9%	93%	86'8%	80'9%	7.769
Foz	99'6%	94'6%	81%	67'6%	9.182
Mondoñedo	99'9%	98%	82'5%	73'2%	4.741
Ribadeo	99'3%	91'6%	73'2%	61'4%	8.663
Cervo	98'7%	89'8%	80'7%	70'4%	4.807
Viveiro	99'4%	93'8%	75'3%	65'7%	14.593

Fonte: INE (Censo de poboación e vivendas. 2001)

A comparación dos resultados comarcais móstranos unha grande uniformidade no que respecta ás porcentaxes de comprensión oral, con extremos en Mondoñedo (99'9%) e Cervo (98'7%) distanciados en pouco máis dun punto porcentual. As diferenzas, sen seren grandes, alcanzan unha magnitude algo maior nos resultados da expresión oral: onde din que máis persoas de cada cen saben falar en galego é en Mondoñedo onde o fan o 98%, seguido de Foz co 94'6%; Burela (93%) está nunha posición intermedia xunto con Viveiro (93'8%), por diante de Ribadeo (91'6%) e un Cervo (89'8%) en que se nota moitísimo a importancia demográfica da localidade de San Cibrao. Nas capacidades propias da expresión formal (lectura e escrita), Burela sitúase á cabeza, o que se xustifica por ter a poboación coa media de idade máis baixa e por seren as persoas de menos de 60 anos as que teñen unha formación específica na cultura galega escrita, ben sexa derivada da escolarización reglada ben o sexa pola asistencia ás formación en galego

para adultos organizadas pola administración autonómica. Na comprensión lectora, a porcentaxe de Burela (86'8%) é moi superior ao 75'3% de Viveiro e ao 73'2% de Ribadeo, ficando Foz, Mondoñedo e Cervo en cifras próximas ao 80%. Outro tanto do mesmo ocorre coa expresión escrita: máis de oito de cada dez habitantes de Burela din saber escribir en galego, mentres que en Ribadeo son só pouco máis de seis de cada dez; cifras algo superiores alcanzan Viveiro (65'7%) e Foz (67'6%); e fican no treito intermedio Cervo (70'4%) e Mondoñedo (73'2%).

**Referencias comarcais da poboación en vivendas familiares de 5 e máis anos segundo a idade e o uso do galego**

	Sempre	Ás veces	Nunca	Total
Burela	75'4%	10'9%	13'6%	7.769
Foz	84.00%	7.50%	8.50%	9.182
Mondoñedo	91.20%	5.80%	2.90%	4.741
Ribadeo	72'6%	17'5%	9'9%	8.663
Cervo	68'2%	17'7%	14'1%	4.807
Viveiro	60'8%	26'2%	12'9%	14.593

Fonte: INE (Censo de poboación e vivendas. 2001)

A comparación dos resultados xerais do uso nas diferentes localidades referenciais da Mariña sitúanos Foz nunha boa posición detrás da magnífica saúde do idioma en Mondoñedo e a delicada situación que presenta en Viveiro. Atendendo ás frecuencias de uso, vemos que onde máis se usa sempre o galego é na capital da provincia do Antigo Reino (91'2%), seguida a case sete puntos por Foz (84%) e situándose nunha posición intermedia Burela (75'4%) e Ribadeo (72'6%); uns números máis baixos son os de Cervo (68'2%) e Viveiro (60'8%).

Segundo estas cifras xerais, o lugar en que se produce maior alternancia de códigos é a cidade do Landro, onde un 26'2% di usar o galego só en determinadas ocasións. Cervo (17'7%) e Ribadeo (17'5%), case empatados, sitúanse a case dez puntos por debaixo, mais aínda con porcentaxes bastante elevadas. Burela está nunha posición intermedia co 10'9%, por encima de Foz (7'5%) e Mondoñedo (5'8%), as dúas localidades en que existe maior estabilidade no uso do código galego.

O concello de Cervo está á cabeza da terceira das frecuencias: a da poboación que di non usar o galego nunca (14'1%). A só medio punto de distancia sitúase Burela (13'6%). En porcentaxes semellantes está Viveiro (12'9%) e melloran os resultados Ribadeo (9'9%), Foz (8'5%) e Mondoñedo (2'9%).

## 2. A Situación lingüística en Foz

Podemos completar esta visión comparativa de ámbito comarcal ao achegarnos aos datos da vila do Masma no referente ao uso da lingua galega en función da franxa etaria. Se reparamos en catro cortes de idade que abranguen desde a infancia á idade da xubilación. Para iso recolleemos os mesmos catro grupos en cada un dos concellos representativos da Mariña: a) nenos e nenas de 10 a 14 anos; b) mocidade de 10 a 24 anos; c) persoas de mediana idade, entre os 40 e os 44; e d) persoas de 65 e máis anos.

**Referencias focenses de frecuencias de uso do galego segundo 4 grupos de idade**

Foz	Sempre	Ás veces	Nunca	Total
De 10 a 14 anos	80.00%	12.60%	7.40%	446
De 20 a 24 anos	82.40%	9.00%	8.50%	751
De 40 a 44 anos	79.91%	11.19%	8.89%	697
De 65 e máis anos	94.40%	0.14%	3.90%	2.052

Fonte: INE (Censo de poboación e vivendas. 2001)

Sen dúbida, o maior equilibrio prodúcese no grupo de idade máis avanzada. A porcentaxe de persoas maiores que usan sempre o galego supera o 90%. Isto supón que como mínimo nove de cada dez están asentados no noso idioma, un dato que está en consonancia co que globalmente se observa no resto do país. Mais non ocorre así nos dous primeiros segmentos de idade. Na franxa etárea de 10 a 14 anos –a correspondente aos últimos cursos de ensino primario e á primeira etapa do secundario- Foz sitúase á cabeza entre os resultados dos concellos da Mariña Central (80%)

A vila do Masma ten aínda outro dato moi positivo: as cifras de uso habitual do noso idioma son superiores entre os mozos e mozas de 20 a 24 anos en comparación coas que nos ofrece o segmento das persoas de mediana idade (40 a 44). É a constatación da existencia de grupos de mozos e mozas procedentes doutras comunidades lingüísticas que se fixeron permeábeis á lingua e á cultura galegas.

### **Poboación en vivendas familiares de 16 e máis anos segundo o uso do galego e a relación coa actividade económica**

	<b>Sempre</b>	<b>Ás veces</b>	<b>Nunca</b>	<b>Total poboación</b>
<b>Foz</b>				
Ocupado	90'9%	9'3%	0'2%	3.517
Parado	80%	9'2%	10'8%	415
Xubilado	94'2%	1'4%	4'4%	2.103
Pensionista	92'3%	2'5%	5'2%	365
Estudiante	77'9%	12'9%	9'3%	809
Labores do fogar	78'6%	5'4%	16%	1.003
<b>Total</b>	<b>7.051</b>	<b>573</b>	<b>722</b>	<b>8.346</b>

Fonte: INE (Censo de poboación e vivendas. 2001)

Tal como acontece no resto das variábeis aquí estudadas, Foz obtén nestes datos uns magníficos resultados que mostran unha moi boa conservación dos usos do idioma. Entre estes, unicamente nos chama a atención a porcentaxe do 16% de persoas que en Foz se dedican á atención doméstica non remunerada e que declaran non usar o galego nunca. É un caso sorprendente que contrasta coa porcentaxe do 0'2% entre as persoas con ocupación ou o 4'4% dos xubilados.

## Bibliografía

- ANDIÓN FONTELA, M. J.: "Memoria do Proxecto de Innovación Lingüística do IES Perdouro (2009-2010)". Burela, 2010.
- ANDIÓN FONTELA, M. J.: "Proxecto de Innovación Lingüística do IEs PERdouro (2010-2011)", Burela, 2010.
- BOUZA OROSA, Lucía e outros: *Proxecto de Planificación Lingüística do Concello de Burela*. Burela, 2008.
- COMISIÓN TÉCNICA DE LINGUA E SOCIEDADE: *A sociedade galega e o idioma : evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2005.
- FORMOSO GOSENDE, V.: *A lingua galega no ámbito empresarial: usos e representacións sociolingüísticas*. Santiago de Compostela: USC, 2005. (Consultada en: <http://busc.dixital.usc.es/pdf/teses/b19651521.pdf>)
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.): *Mapa sociolingüístico de Galicia. 2004 Vol 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística, 2007. (Tomado de <http://www.udc.es/snl/documentospdf/Lingualnicial.pdf>)
- IES PERDOURO: *Proxecto de Innovación Lingüística elaborado polo IES Perdouro*, Burela, 2009.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA: *Censos de poboación e vivendas 2001*. IGE:2008. (Consulta na publicación electrónica en xullo de 2010)
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA: *Enquisa de condicións de vida das familias*. IGE:2010. (Consulta na publicación electrónica en xullo de 2010)
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA: *Revisión del padrón municipal de habitantes a 1 de mayo de 1996. Datos por municipios*. (Consulta na publicación electrónica en xullo de 2010)
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA: *Revisión del padrón municipal 2001. Datos por municipios*. (Consulta na publicación electrónica en xullo de 2010)
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA: *Revisión del padrón municipal 2006. Datos por municipios*. (Consulta na publicación electrónica en xullo de 2010)
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA: *Revisión del padrón municipal 2009. Datos por municipios*. (Consulta na publicación electrónica en xullo de 2010)
- LOUREIRO RODRÍGUEZ, Cristina: "Palabras que non leva o vento: Planificación lingüística para a contorna educativa de Burela. A lingua como cerne dunha rede social", in *Xornadas Educación e linguas en Galicia*. Santiago: USC, 2010 (pendente de publicación).
- OCA GONZÁLEZ, L.: "Evolução da comunidade cabo-verdiana residente no Litoral Lugués", in Verdugo Matés, R. & Lois González, R. (eds), *As migracións en Galiza e Portugal. Contributos desde as Ciencias Sociais*. Santiago de Compostela: Edicións Candeia, 2004.
- OCA GONZÁLEZ, L.: "La dialéctica de la inclusión versus exclusión de l@s inmigrantes: Retórica y realidad", in SANTOS REGO, M (ed): *Estudios sobre flujos migratorios en perspectiva educativa y cultural*. Granada: Grupo Editorial Universitario, 2005.
- OCA GONZÁLEZ, L.: "Modelos de integración social de inmigrantes na Galiza: O exemplo da comunidade cabo-verdiana da Marinha". In *Actas das Xornadas "Cinema e imigración" organizadas polo IDEGA*. Santiago de Compostela: USC, 2005.
- PENA DOMÍNGUEZ, Ricardo: *Apuntes históricos y crónica del siglo XX*. Lugo: Deputación Provincial, 2004.
- PENABADE REI, B.: "Situación sociolingüística no concello de Burela (1994-2008)" (TIT), Universidade de Santiago de Compostela, Santiago 2010.
- PENABADE REI, B.: "O crisol onomástico de Burela (1994-2001)" (traballo académico inédito). Burela, 2009.
- PORTAS FERNÁNDEZ, M.: *Lingua e sociedade na Galiza*. Coruña: Ed. Bahía, 1990.
- SÁNCHEZ CARRIÓN, J. M.: *Un futuro para nuestro pasado. Claves de la recuperación del Euskara y teoría social de las lenguas*. Seminario de Filología Vasca "Julio de Urquijo", Donostia, 1991 (2ª ed.).
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: compendio do 1º volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*.



Real Academia Galega. A Coruña, 1994.

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: *Usos lingüísticos en Galicia: compendio do IIº volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. Real Academia Galega. A Coruña, 1995.

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA: *Actitudes lingüísticas en Galicia: compendio do IIIº volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. Real Academia Galega. A Coruña, 1996.

SERVICIO DE ESTUDIOS DE LA CAIXA: *Anuario Económico de España. 2001*. Barcelona: Lacaixa, 2001 (con datos especialmente de 1999).

TOURIÑO SÁNCHEZ, Ana: "Un estudio de caso: análisis político de Burela". Traballo académico inédito; Burela, 2003.

VAAMONDE LISTE, A. (coord.): *Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no Concello de Vigo* (2002). Concello de Vigo, Vigo (s.d.)

VICÉNS, J.; CHASCO, C-; e CHASCO, P. (dir.téc.): *Anuario Económico de España 2009*. Barcelona: La Caixa, 2010.